



## PREMIO A PROXECTO DE WEBSERIE EN GALEGO CIP 2017

O Festival de Contidos Dixitais CARBALLO INTERPLAY que terá lugar do 3 ao 6 de Maio de 2017 no Concello de Carballo (Galicia) convoca nesta VI Edición o premio á PROXECTO DE WEBSERIE EN GALEGO.

### PREMIO

O premio ten unha dotación económica de 1.500 euros e deberá destinarse exclusivamente á produción de a lo menos 3 capítulos do proxecto da webserie premiada.

O premio estará suxeitos ás posibles retencións fiscais que a lei estableza.

### PRAZO

Poderán presentarse proxectos dende a data de lanzamento destas bases ata o 11 de Abril de 2017.

### DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

Os/as solicitantes deberán enviar ao correo [direccion@carballointerplay.com](mailto:direccion@carballointerplay.com) e indicando no asunto do mail "**Proxecto de webserie en Galego**" a seguinte documentación nun arquivo .pdf.

- Historial profesional do/da solicitante ou productora.
- Sinopse do proxecto (máximo 1 páxina).
- Memoria explicativa do proxecto (máximo 5 páxinas).
- Guión definitivo do primeiro capítulo.
- Calendario da produción.
- Currículo do equipo técnico e artístico.
- Plan de comunicación e presenza en RRSS.
- Link a teaser visual da webserie.
- Calquera outra documentación que o solicitante ache pertinente para a mellor defensa do proxecto.

### PROXECTOS FINALISTAS

Entre todos os proxectos recibidos o comité de selección do festival escollerá un máximo de 5 proxectos.

Os proxectos finalistas terán que defender o seu proxecto facendo un piching ante os membros do xurado específico para esta convocatoria.

O piching será aberto ao público e terá lugar dentro da programación do festival.

### XURADO ESPECÍFICO

O xurado específico estará composto por profesionais do mundo das webseries e produción online, do audiovisual e da cultura, un representante do Concello de Carballo e un representante do equipo directivo do festival. O xurado específico publicárase na páxina web do festival.

Valorarase a creatividade e orixinalidade da proposta, así como a súa viabilidade de cara á produción.

A organización do festival resérvase o dereito de deixar deserto o premio no caso de non concurrir a concurso **a lo menos un mínimo de tres proxectos finalistas**.

O proxecto de webserie premiada farase público o día da gala de entrega de premios do festival que terá lugar o sábado 6 de Maio no Auditorio do Casa de Cultura do Concello de Carballo. A lo menos un dos representantes de cada proxecto finalista deberán estar presentes en dita gala.

#### OBRIGAS DO/DA BENEFICIARIO/A

A lo menos 3 capítulos da webserie resultante deberán estar finalizados para ser presentados na IV Edición do Festival CARBALLO INTERPLAY.

O/a beneficiaria poderá exhibir a webserie con anterioridade nos seus canles propios.

O resultado da webserie premiada deberá axustarse ao proxecto presentado.

A webserie debe estar rodada en VO Galego.

Nos títulos de crédito iniciais da produción deberá figurar en cartón único: «Co apoio de CARBALLO INTERPLAY e CONCELLO DE CARBALLO».

Na documentación do proxecto (materiais de promoción e distribución) e nos títulos de crédito da produción resultante, páxina web, etc. farase constar que recibiu o premio a proxecto de webserie en galego do festival CARBALLO INTERPLAY. A organización do festival facilitará os logotipos pertinentes.

Os beneficiarios dan a autorización expresa ao festival CARBALLO INTERPLAY para a utilización da produción subvencionada co obxecto da súa sociabilización nas actividades de promoción e difusión que lle corresponden.

#### DEREITOS DE EXHIBICIÓN

Ao enviar os materiais a concurso os/as titulares/as están de acordo en ser os/as propietarios/as e a estar autorizados a utilizar todos os dereitos sobre a música, vídeo e efectos que figuran na webserie. O festival non se fará responsable das reclamacións que xurdan do incumprimento do creador/a ou produtora que presente a webserie de non posuír axeitadamente os dereitos sobre o material que envíe.

#### ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS

A presentación de proxectos ao premio implican a aceptación destas bases.